Lectura de textos orixinais

1-3 abril 2020

Imos ler agora outros fragmentos, desta vez do Libro III da Eneida de Virxilio.

EXERCICIO: le atentamente, e con axuda da Internet, busca de novo imaxes que poidan ilustrar as ideas principais, ou o máis importante do texto, e pégaas aquí, arredor do cadro. **Consello:** evita as imaxes demasiado “*fantásticas*”, e prefire fotos/ imaxes reais (modernas ou antigas) e de obras de arte (pintura, escultura) para ilustrar a narración.

LIBRO III

Eneas segue a contar como, logo de fuxir de Troia, el e os seus acompañantes comezan un longo periplo polo Mediterráneo. Primeiro arriban ás costas de Tracia, e logo continúan a súa busca dunha nova patria: a illa de Delos, Creta, as illas Estrófadas, as costas do Epiro (actual Albania)... Eneas recibe varias mensaxes divinas que o orientan cara a Italia, aínda que só consegue chegar a Sicilia, e de alí unha tempestade empúrrao cara ó norte de África, ás terras gobernadas por Dido. Eneas remata o seu relato.

III, 613-620; 639-644; 655-665

«-Sum patria ex Ithaca, comes infelicis Vlixi,
nomine Achaemenides, Troiam genitore Adamasto
paupere (mansissetque utinam fortuna!) profectus.
hic me, dum trepidi crudelia limina linquunt,
immemores socii uasto Cyclopis in antro
deseruere. domus sanie dapibusque cruentis,
intus opaca, ingens. ipse arduus, altaque pulsat
sidera (di talem terris auertite pestem!)
[...]
Sed fugite, o miseri, fugite atque ab litore funem
rumpite.
nam qualis quantusque cauo Polyphemus in antro
lanigeras claudit pecudes atque ubera pressat,
centum alii curua haec habitant ad litora uulgo
infandi Cyclopes et altis montibus errant.

[…]

Vix ea fatus erat summo cum monte uidemus
ipsum inter pecudes uasta se mole mouentem
pastorem Polyphemum et litora nota petentem,
monstrum horrendum, informe, ingens, cui lumen ademptum.
trunca manum pinus regit et uestigia firmat;
lanigerae comitantur oues; ea sola uoluptas
solamenque mali.
postquam altos tetigit fluctus et ad aequora uenit,
luminis effossi fluidum lauit inde cruorem
dentibus infrendens gemitu, graditurque per aequor
iam medium, necdum fluctus latera ardua tinxit.»

TRADUCIÓN:

«-Son de Ítaca, a miña patria. Son amigo do infortunado Ulises. O meu nome é Aqueménides, e partín para Troia por mor da pobreza de Adamasto, o meu proxenitor (e oxalá perdurase en min tal condición!). Aquí, na inmensa cova dun cíclope, sen se decatar, deixáronme só os meus compañeiros ó tempo que abandonaban, tremendo, aquelas atroces paredes: unha casa de sangue pegañento e manxares cruentos, de interior avesío, e enorme. O propio cíclope é enfesto, e chega a bater nas altas estrelas (que os deuses afasten da terra semellante peste!). [...]

Esta obra ten unha licenza Creative Commons **Atribución-Non comercial-Compartir igual 4.0 Internacional**.

[...]

»Mais fuxide, malpocados, fuxide e soltade amarras da praia! Pois outros cen horrendos cíclopes, da mesma forma e tamaño que Polifemo, quen ten pechadas na súa cóncava cova laúdas pécoras e muxe as súas ubres, habitan cada curruncho destas curvas costas e andan errantes polas altas montañas.

[...]

»Apenas rematara de falar cando vimos no bico da montaña ó propio pastor Polifemo movendo a súa inmensa mole entre unhas pécoras e dirixíndose á costa que ben coñecía: estarrecedor monstro, informe, enorme e carente de ollo. Un tronco de piñeiro guiaba a súa man e daba firmeza ós seus pasos; acompañábano as súas laúdas ovellas: este era o seu único pracer e conforto do seu mal. Logo de chegar ata o ancho mar e tocar as fondas augas, lavou alí o sangue que manaba do seu ollo perforado, ó tempo que os seus dentes rechiaban cun salaio. E ía xa camiñando polo medio do ancho mar, e as augas non chegaban a mollar os seus enfestos costados.»

Vocabulario:

Fēlix, -icis	Pobre, necesitado
Gĕnĭtor, -oris	Nome, denominación
Ingens, -tis	Pastor
Mons, montis	O que enxendra, pai
Nomen, -ĭnis	Pracer, satisfacción
Pastor, -ōris	Inmenso, vasto
Pauper, -eris	Monte, montaña
Vŏluptas, -ātis	Feliz, afortunado, dichoso

Agora, relaciona **cada un dos termos latinos con alomenos unha palabra actual** en galego/ castelán. Usa o dicionario se é preciso.

Fēlix, -icis>	**Pastor, -ōris>**
Gĕnĭtor, -oris>	
Ingens, -tis>	**Pauper, -eris>**
Mons, montis>	
Nomen, -ĭnis>	**Vŏluptas, -ātis>**

Indica se é cultismo (C) ou palabra patrimonial (P)

Agora, responde: "Que teñen todas estas palabras en común?"

EXERCICIO: localiza as palabras no texto, sublíñaas e responde, redactando correctamente, ás seguintes preguntas.

1. Suliña na tradución os verbos; logo, tenta de identificar os correspondentes latinos, facendo unha lista por columnas onde os relaciones por parellas.
2. Suliña todas as preposicións e conxuncións que sexas capaz de localizar no texto latino. *(Podes axudarte se o precisas da tradución.)*
3. **Etimoloxía e vocabulario :** imos relacionar os termos latinos do texto co seu significado actual, para o que deberedes buscar definicións nalgún dicionario galego ou castelán. *(Indicade cal usades)*

Termo latino	Significado orixinal (latín)	Termo e significado actual
Antrum, -i *(n.)*	Antro, gruta, caverna	**Antro :**
Ardŭus, -a, -um *(adx.)*	Alto, elevado, abrupto	**Arduo:**
Cruentus, -a -um *(adx.)*	Cruento, sanguento	**Cruento :**
Dōmus, -us *(f.)*	Casa, vivenda, mansión	**Domo :**
Vastus, -a, -um *(adx.)*	Vacío desierto// Grande, inmenso	**Vasto :**
Vestīgĭum, -ĭi *(n.)*	Vestigio, huella, pisada	**Vestixio:**

4. Responde ás seguintes preguntas sobre o texto.

a) Sóache esta historia do cíclope Polifemo? En caso afirmativo nárraa como a coñeces ti, e compara co relatado no texto.

b) Que diferencias atopas entre elas?

c) Cal che parece máis verosímil?

Esta obra ten unha licenza Creative Commons **Atribución-Non comercial-Compartir igual 4.0 Internacional**.